

Punto limpo

Datos do punto limpo referidos ó ano 2014, segundo o tipo de residuos depositados e comparándoos co ano 2013.

Materiais que incrementaron o volume de recollida:

Colchóns: 15,96 Tm, cun incremento de 1,8 Tm, **un 13 %** (14,10 Tm no 2013)

Voluminosos e plásticos: 47,08 Tm, aumentaron 4,5 Tm, **un 11 %** (42,56 Tm no 2013). O tipo de material depositado son mobles e plásticos duros, dende tubos de PVC a xoguetes pasando por defensas de automóbiles.

Pequenos electrodomésticos e televisores: 9,38 Tm, cun incremento de 1,7 Tm, **un 22 %** (7,68 Tm no 2013)

Electrodomésticos de frío (frigoríficos e conxeladores): 5,57 Tm, aumentando 0,8 Tm, **un 17 %** (4,73 Tm no 2013)

Aceites locomoción: 0,80 Tm, no ano 2013 non se depositou nin un só litro

Toner: 198,5 Kg, cun incremento de 173 Kg, **un 685 %** (25,25 Kg no 2013)

Tubos fluorescentes: 0,40 Tm, incrementando 0,08 Tm, **un 25 %** (0,32 no 2013)

Materiais que reduciron o volume de recollida:

Chatarra: 6,99 Tm, cunha diminución de 1 Tm, **un 13 %** (8,02 Tm no 2013)

Plásticos de silo: 7,94 Tm, reducindo 2,5 Tm, **un 24 %** (10,48 Tm no 2013)

Madeira: 22,06 Tm, diminuíndo 7,5 Tm, **un 25 %** (29,64 Tm no 2013)

Resto grandes electrodomésticos (lavadoras, lavavaixelas, secadoras,...) **e radiadores:** 9,63 Tm, cunha redución de 7,2 Tm, **un 43 %** (16,86 Tm no ano 2013)

Inertes (restos de pequenas obras domésticas): 82 Tm, cunha diminución de 39 Tm, **un 32 %** (121 Tm no 2013)

Baterías de automóbil: non se recolleu ningunha no 2014, mentres que no 2013 tan só se depositaron 4 no punto limpo

Lembramos que o punto limpo está aberto os luns, mércores e venres, de 9:30 a 17:00 h.

Colectores

Tamén diferenciaremos entre os residuos que incrementan e os que reducen a cantidade de toneladas depositadas.

Materiais que incrementaron o volume de recollida:

Papel e cartón: 318,89 Tm, cun incremento de 57,8 Tm, **un 22 %** (261,04 Tm no ano 2013)

Vidro: 268,16 Tm., cun incremento de 21,2 Tm, **un 8,6 %** (246,92 Tm no ano 2013)

Aceite doméstico: 5.450 Kg, cun incremento de 1.090 Kg, **un 25 %** (4.360 Kg no 2013)

Bombillas: 56,50 Kg, incrementando en 21 Kg, **un 59 %**, a cantidade recollida no 2013 (35,5 Kg)

Cristal: 5,5 Tm. O ano pasado foi o primeiro no que se levou a cabo a recollida selectiva deste material, xa que ata entón non se atopara un xestor autorizado que o recollese.

Materiais que reduciron o volume de recollida:

Envases: 165,85 Tm, cunha diminución de 2,8 Tm, **un 1,7 %** (168,69 Tm no 2013)

Roupa usada: 35,54 Tm, reducíndose en 9,5 Tm, **un 21 %** (45,01 Tm no 2013)

Pilas: 1,36 Tm, reducindo 1,04 Tm, **un 43 %** (2,4 Tm no ano 2013)

Cds: 20 Kg, cunha diminución de 9 Kg, **un 31 %** (29 Kg no 2013)